

Logo dunha breve deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos a favor dos concelleiros do PS. de G-PSOE e BNG e con catro abstencións dos concelleiros asistentes do Partido Popular, acordou aprobar a proposta da alcaldía anteriormente transcrita nos seus propios termos.”

Contra dito acordo e a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

A Pastoriza, 25 de novembro de 2013.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4718

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de 05 de outubro de 2013 aprobou inicialmente a nova ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable do Concello da Pastoriza.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o acordo de aprobación e o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

“ 1. Nova aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable no concello da Pastoriza.-

“Vista a proposta da Alcaldía de data 27 de setembro de 2013, que literalmente transcita di así:

“ Polo Pleno desta Corporación, en sesión de data 7 de agosto de 2012, acordouse aprobar inicialmente a nova taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora dela, segundo o texto que se achegaba coa proposta da alcaldía de data 20 de xullo de 2012.

Na exposición de motivos da proposta da alcaldía díciase textualmente o seguinte:

“De acordo coa normativa reguladora das facendas locais, este concello no ano 1999 aprobou a imposición e ordenación da taxa polo servizo de subministro de auga, así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora da mesma.

Durante estes trece anos os gastos derivados da prestación do servizo experimentaron un importante ascenso, mentres que as tarifas da taxa se mantiveron sen ningún tipo de actualización.

O estudo económico que acompaña a esta proposta, que foi redactado polo arquitecto técnico don Antonio Pérez Folgueira, con data 2 de xullo de 2012, pon de manifesto o citado aumento dos custos de explotación do servizo e o carácter deficitario dos ingresos obtidos.”

A vista do exposto, e co fin de chegar a equilibrar economicamente a prestación do servizo e reducir así a carga que para as arcas municipais supón o déficit no servizo, esta alcaldía na súa proposta propoñía ao Pleno a aprobación da nova ordenanza fiscal.

A ordenanza fiscal quedou aprobada definitivamente, ao non presentarse durante o período de exposición ao público ningunha alegación ou reclamación, polo que o expediente tramitado coas tarifas da taxa aprobada definitivamente foi remitido á Comisión de Prezos de Galicia da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia.

Por resolución de 28 de decembro de 2012, ditada polo secretario xeral técnico da Consellería de Economía e Industria, en substitución da persoa titular da Dirección Xeral de Comercio, cuxa notificación se recibiu neste concello con data 8 de xaneiro de 2013, rexistro de entrada nº 12, denegouse a autorización da aplicación das tarifas do servizo municipal de subministración de auga a poboación da Pastoriza solicitadas por este concello.

Contra dita resolución interpúxose por este concello o recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Economía e Industria e transcorrido un prazo moi superior aos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen que se resolvese o mesmo, debe considerarse desestimado por aplicación do silencio administrativo, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo, polo que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión de data 13 de setembro de 2013, acordou a interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta do recurso de alzada.

Ante a falta de entrada en vigor da ordenanza fiscal de que se trata e tendo en conta os prexuízos que se lle causan a esta entidade pola perda de ingresos que se produce como consecuencia da non aplicación das novas tarifas da taxa de abastecemento de auga, considera esta alcaldía que debe procederse a unha nova aprobación inicial da ordenanza, pero sen que haxa necesidade de someter as tarifas da taxa ao informe da Comisión de Prezos de Galicia e, en consecuencia, á autorización da Dirección Xeral de Comercio, xa que ditas tarifas teñen en todo caso a natureza dunha taxa, calquera que sexa a forma de xestión da prestación do servizo de abastecemento de auga, que no caso deste concello se presta de forma directa.

Sendo así, ao estar suxeita a prestación do servizo de abastecemento de auga potable ao réxime fiscal da taxa, este concello é autónomo para aprobar a ordenanza fiscal cos distintos tramos e importes da tarifa da auga, sin necesidade de acudir a Comisión de Prezos de Galicia, tal como se establece na sentenza da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 16 de xullo de 2012.

Aparte do dito anteriormente, no plan de axuste elaborado e aprobado por este concello, de conformidade co establecido no Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de marzo, prevese a aprobación da ordenanza fiscal de taxa por abastecemento de auga, cun incremento dos ingresos por este concepto de 90.000,00 euros para o próximo exercicio económico do ano 2014.

Polo exposto, esta alcaldía, en uso das facultades concedidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido de lei reguladora das facendas locais, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a nova taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable así como a correspondente ordenanza fiscal reguladora dela, segundo o texto que se achega coa presente proposta.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles para que se podan presentar as alegacións e suxestións que se estimen oportunas e que serán resoltas pola Corporación.-

Terceiro.- De non producirse alegacións no prazo sinalado, a Ordenanza considerarase definitivamente aprobada, e procederá a súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Atópase presente na mesa de sesións o arquitecto técnico don Antonio Pérez Folgueira, autor do "estudo económico para a estimación do prezo do subministro de auga e taxas de aplicación da nova ordenanza municipal de abastecemento de auga potable no concello da Pastoriza", que foi redactado con data 2 de xullo de 2012, cuxo técnico, a petición da presidencia, explicoulle aos membros do pleno, de forma resumida, o contido do estudo económico redactado para a aprobación das novas tarifas da taxa.

A continuación, deuse conta, así mesmo, do texto da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable que se somete á aprobación plenaria.

Despois das explicacións efectuadas polo técnico autor do estudo económico, así como da lectura do texto da ordenanza fiscal, pola corporación abriuse un breve debate sobre a proposta da Alcaldía que se somete a aprobación.

O concelleiro Sr. Yáñez propón que a nova taxa que se regula na ordenanza se aplique en dúas fases ou tramos, para que os abonados usuarios non noten un incremento tan elevado nos recibos que lles pase o concello.

Rematadas as deliberacións, a corporación, en votación ordinaria e por maioría de seis votos a favor dos concelleiros do PS. de G-PSOE e BNG e catro abstencións dos concelleiros asistentes do Partido Popular, acordou aprobar a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita nos seus propios termos "

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que se rexerá pola presente Ordenanza, sen prexuízo das determinacións que se poidan establecer no regulamento do servizo.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúen o feito imponible da taxa:

a) As actuacións de acometida e inspección de contadores, entendendo como tales toda actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar o enganche á rede de subministración de auga.

No suposto de edificios suxeitos ao réxime de propiedade horizontal nos que existen varios usuarios, as actuacións de dotación do servizo a cada elemento privativo do inmoble constituirán feitos impositivos diferentes que darán lugar ao devengo dunha cota tributaria de acometida e inspección de contadores para cada elemento privativo.

b) A prestación de servizos de subministración de auga potable a través da rede de abastecemento municipal.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

- Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo anterior, en concreto

a) están obrigados ao pago da cota por dereito de enganche e inspección de contadores aqueles que soliciten a alta no servizo.

b) están obrigados ao pago das cotas derivadas do subministro os que ocupen os edificios, inmobles ou instalacións receptoras do servizo.

- Serán substitutos do contribuínte no suposto de que o servizo ou actividade beneficie aos ocupantes dos edificios, inmobles ou instalacións, os propietarios de ditos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

A estes efectos, nos inmobles suxeitos a réxime de propiedade horizontal, serán substitutos do contribuínte das cotas devengadas polo dereito de enganche e inspección de contadores colocados nos elementos comúns do inmoble, a Xunta de Propietarios, e serán substitutos do contribuínte das cotas devengadas polo dereito de enganche e inspección de contadores colocados nos elementos privativos do inmoble, os titulares dos mesmos.

- Responderán solidariamente das obrigas do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas as que se refiren os artigos 38 a 39 da Lei Xeral Tributaria.

No suposto de edificacións ou instalacións suxeitas a algún réxime de propiedade horizontal, terán a condición de responsables tributarios solidarios das cotas devengadas pola acometida e inspección de contadores dos elementos comúns do inmoble os propietarios dos elementos privativos do inmoble, que responderán da débeda tributaria en proporción á súa cota de participación nos elementos comúns.

Artigo 4. Obriga de pagamento.

- Respecto da cota tributaria derivada do dereito de enganche e inspección de contadores a obriga de pagamento nace no momento da presentación no rexistro xeral do Concello da correspondente solicitude de alta no servizo.

- Respecto da cota tributaria derivada do subministro regular de auga potable que inclúe o canon por contador máis a tarifa por abono ao servizo e por consumo, a obriga de pagamento nace o último día de cada trimestre natural.

No caso de altas e baixas realizadas durante o trimestre natural computaranse a cota fixa correspondente a ese trimestre e o consumo realizado desde o momento da alta ata o último día do trimestre natural ou desde o primeiro día do trimestre natural ata o día da baixa.

- Respecto da cota por outras subministracións e actuacións devengarase no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

Artigo 5. Base impositiva.

A base impositiva está constituída por todos os custes previsibles da prestación do servizo de abastecemento de auga potable, integrados, tanto polas actuacións necesarias para o enganche e colocación de contadores, como para o tratamento e posterior distribución da auga potable.

A base determinarase segundo a natureza da parte do servizo obxecto de gravame:

a) Subministración de auga: a parte fixa determinarase por usuario e a parte variable segundo o consumo efectivo de auga potable en metros cúbicos.

Entenderase como consumo efectivo o rexistrado no contador.

No suposto de que o servizo municipal apreciase unha manipulación do contador, entenderase como consumo efectivo o meirande de entre o rexistrado no contador no período correspondente ou o rexistrado no trimestre anterior.

Nos supostos en que por causas alleas ao Concello non se puidese realizar a lectura dos contadores a facturación realizarase de forma estimada en función do consumo liquidado en igual período durante os doce meses anteriores incrementado nun 100%

En caso de non existir a dita referencia facturárase o dobre do consumo máximo previsto para o tramo correspondente a ese usuario.

b) Inspección de contadores: por unidade.

c) Dereito de enganche á rede de distribución: segundo o número de contadores que se instalan.

d) Resto de subministracións e actuacións: custo dos materiais e da man de obra, fixados no presuposto previo formulado polo servizo autorizado pola Alcaldía.

Artigo 6. Cotas tributarias

As cotas tributarias da taxa serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:

TARIFA A.

Tarifa pola alta no servizo. Esta tarifa aplícase polo dereito de enganche á rede municipal de auga e polas labores administrativas e técnicas de control e inspección dos contadores que se van a instalar e que son necesarias para finalizar o trámite administrativo da alta no servizo.

Esta tarifa aboarase por unha soa vez no momento de solicitude de alta no servizo.

Epígrafe a) Uso doméstico

POR ACOMETIDA		POR INSPECCIÓN DE CONTADORES
Nº de contadores	€/contador	€/ unidade-contador
1	124,32	25,00
2-6	62,15	
> 6	31,08	

Epígrafe b) Uso non doméstico.

POR ACOMETIDA		POR INSPECCIÓN DE CONTADORES
Nº de contadores	€/contador	€/unidade-contador
1	248,64	50,00
2-6	124,32	
> 6	62,15	

TARIFA B

Tarifa por canon de contador. Esta tarifa de carácter fixo ven determinada exclusivamente polo diámetro do contador instalado con independencia do tipo de uso.

Esta tarifa abonarase por períodos trimestrais conxuntamente cos consumos realizados.

Ø Diámetro de contador	€/Trimestre
13mm	0,60
15mm	0,72
20mm	0,87
25mm	1,05
30mm	1,26
40mm	1,50
50mm	1,80
65mm	2,34
80mm	3,03
100 mm	3,93

125 mm	5,91
150 mm	8,88
200 mm	12,42

Para os diámetros que superen os sinalados no cadro calcularse a tarifa de forma proporcional.

TARIFA C

Tarifa por abonamento e consumo. Esta tarifa esta formada por unha parte fixa, en concepto de abono ao servizo e una parte variable, en función dos consumos rexistrados.

A cota por abono ao servizo faise efectiva polo feito de ter a dispoñibilidade de uso da rede municipal de abastecemento de auga potable.

A cota por consumo farase efectiva polos consumos de auga realizados polo usuario.

Ambas cotas, fixa e variable, liquidaranse conxuntamente en períodos trimestrais.

Aplicaranse tarifas diferentes segundo o tipo de uso e dentro de cada uso estableceranse distintos tramos en función dos metros cúbicos consumidos.

O usuario do servizo, no momento da solicitude de alta ou de variación do contrato, deberá optar por un dos tramos previstos para esta tarifa atendendo ao uso e ao seu consumo estimado. O consumo real trimestral facturarase aplicando os condicionantes establecidos para o tramo elixido polo usuario.

Se o usuario non fai elección de tramo aplicaráselle o tramo correspondente ao de menor consumo de auga, sen prexuízo do incremento de prezos previsto no parágrafo seguinte en caso de que o consumo real excedese do previsto no tramo.

O prezo por metro cúbico de auga para os consumos reais en cada tramo serán os seguintes:

Epígrafe a) Uso doméstico

- 0,20 €/m³ no caso de que o consumo non supere o máximo previsto no tramo elixido.

No caso de que o consumo real exceda do máximo previsto para o tramo elixido polo usuario incrementarase o prezo do m³:

-0,80 €/m³ se o consumo real é ata o 10% do máximo do tramo

-1,00 €/m³ se o consumo real é superior ao 10% do máximo do tramo

Epígrafe b) Uso non doméstico

- 0,30 €/m³ no caso de que o consumo real non supere o máximo previsto no tramo elixido.

No caso de que o consumo real exceda do máximo previsto para o tramo elixido polo usuario incrementarase o prezo do m³:

- 1,20 €/m³ se o consumo real é ata o 10% do máximo do tramo

- 1,50 €/m³ se o consumo real é superior ao 10% do máximo do tramo

O seguinte cadro recolle os tramos e tarifas correspondentes a cada un deles:

Epígrafe a) Uso doméstico

código do tramo	FIXO €/Trimestre (cota de abonamento)	CONSUMO M ³ /trimestre	€/M ³	EXCESOS de CONSUMO			
				ata 10%		máis 10%	
				consumo M ³ /trimestre	€/M ³	consumo M ³ /trimestre	€/M ³
D01	12,29	0-15	0,20	15-16,50	0,80	> 16,50	1,00
D02	15,29	15-30	0,20	30-33	0,80	> 33	1,00
D03	18,29	30-60	0,20	60-66	0,80	> 66	1,00
D04	24,29	60-90	0,20	90-99	0,80	> 99	1,00
D05	30,29	90-120	0,20	120-132	0,80	> 132	1,00
D06	36,29	120-150	0,20	150-165	0,80	> 165	1,00

Epígrafe b) Uso non doméstico

CÓDIGO do tramo	FIXO €/Trimestre (cota de abonamento)	CONSUMO M ³ /trimestre	€/M ³	EXCESOS de CONSUMO			
				ata 10%		máis 10%	
				consumo M ³ /trimestre	€/M ³	consumo M ³ /trimestre	€/M ³
A01	24,58	0-15	0,30	15-16,50	1,20	>16,50	1,50
A02	28,58	15-30	0,30	30-33	1,20	> 33	1,50
A03	33,58	30-60	0,30	60-66	1,20	> 66	1,50
A04	42,58	60-120	0,30	120-132	1,20	> 132	1,50
A05	60,58	120-240	0,30	240-264	1,20	> 264	1,50
A06	96,58	240-480	0,30	480-528	1,20	> 528	1,50
A07	168,58	480-960	0,30	960-1.056	1,20	> 1.056	1,50
A08	312,58	960-1.920	0,30	1.920-2.112	1,20	> 2.112	1,50
A09	600,58	1.920-3.840	0,30	3.840-4.224	1,20	> 4.224	1,50
A10	1.176,58	3.840-7.680	0,30	7.680-8.448	1,20	> 8.448	1,50

En caso de consumos que superen os tramos previstos nos cadros anteriores calcularase a tarifa de forma proporcional.

TARIFA D

Tarifa por outras subministracións e actuacións.

Todas as demais subministracións e actuacións de colocación de encanamentos, chaves de paso, arquetas, bocas de rega ou para o servizo contra incendios fóra da vía pública, pezas de toma, e en xeral, calquera outra actuacións do servizo, non recollidas expresamente nesta ordenanza, que están vinculadas ás acometidas e que non teñan en ningún caso a consideración de ampliación de redes serán obxecto de liquidación por unha soa vez, atendendo ao prezo dos materiais empregados e o tempo da man de obra necesaria para a súa execución, segundo o presuposto previo formulado polo servizo autorizado pola Alcaldía e coa conformidade do solicitante.

Artigo 7. Xestión tributaria.

A xestión tributaria das cotas derivadas das actuacións necesarias para a alta no servizo, que inclúen a cota por dereito de enganche e por inspección de contadores, efectuarase mediante liquidación tributaria xirada de oficio pola administración no momento de darse de alta no servizo.

A xestión tributaria das cotas derivadas das actuacións de subministro efectuarase mediante a aprobación de padróns trimestrais.

Estes padróns terán a natureza de liquidacións tributarias colectivas, notificándose colectivamente no xeito establecido pola lexislación tributaria vixente.

Os padróns da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable poderán xestionarse conxuntamente cos padróns das taxas pola prestación do servizo de recollida de lixo e rede de sumidoiros.

Cando se coñeza de oficio, ou ben por comunicación dos interesados calquera variación dos datos de quen figura dado de alta como contribuínte, levaranse a cabo as modificacións correspondentes que terán efectos a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se efectuou a declaración.

O cobro das taxas farase trimestralmente, mediante o correspondente recibo. O abono delas realizarase, en período voluntario, durante o período de dous meses indicado polo Concello que se iniciará unha vez finalizado o prazo de exposición pública do padrón.

Transcorrido o período voluntario poderán esixirse os recibos pendentes en vía de constrinximento.

Os usuarios do servizo preferentemente deberán domiciliar o pago dos seus recibos en entidades colaboradoras, sen prexuízo de que a administración municipal, excepcionalmente, estableza outra modalidade.

Artigo 8. Infraccións e sancións.

En todo o referente as infraccións e sancións en materia tributaria será de aplicación o disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas previstas no artigo 6 da presente ordenanza poderán incrementarse anualmente de acordo co índice de prezos ao consumo (IPC) anual con referencia ao 1 de xaneiro de cada ano.

No primeiro trimestre do ano publicaranse as contías resultantes de dita actualizacións.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a ordenanza fiscal aprobada en sesión do pleno de data 21 de novembro de 1998 (BOP núm. 15 de 20 de xaneiro de 1999)

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrara en vigor o día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A Pastoriza, 25 de novembro de 2013.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 4719

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de crédito nº 1/2013 (SC e TC) no orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2013, ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP Nº 251 de 02 de novembro de 2013), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	518.800,88	1	353.001,00
2	572.684,51	2	13.000,00
3	32.415,07	3	205.131,00
4	32.426,00	4	665.256,00
		5	3.600,00
6	6.392,87	6	1,00
7	1,00	7	5,00
8	2,00	8	4,00
9	77.277,67	9	2,00
Total	1.240.000,00	Total	1.240.000,00

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito nº 1/2013 no orzamento para o ano 2013, os interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 25 de novembro de 2013.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño

R. 4720